



# PLAN DIXITAL

## CPR SAN FERNANDO

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

# 1. Introducción

## 1.1. Datos básicos do centro

O colexio San Fernando atópase ubicado no centro urbano de Vigo moi preto da Praza de España. Trátase dun centro privado concertado formado por 13 unidades cunha única liña, nas tres etapas educativas de Educación Infantil, Educación Primaria e ESO, así como unha aula de Educación Especial\_NEE.

O claustro de profesores está formado por un total de 23 e neste momento o número total de alumnos matriculados no centro é de 204, repartidos nos diferentes niveis educativos, sendo grupos máis reducidos nas primeiras etapas educativas.

Outros datos de interés:

*Dirección:* Baixada á Salgueira nº 40 36204 Vigo

*email:* [cpr.sanfernando@edu.xunta.gal](mailto:cpr.sanfernando@edu.xunta.gal)

*Web:* <https://colegiosanfernandovigo.com>

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Contextualización do Plan Dixital no centro.

O colexio San Fernando foi fundado no ano 1965 e está nunha zona que nos últimos anos experimentou un incremento da construción de edificios, polo que as vivendas unifamiliares foron substituídas por outras plurifamiliares. En consecuencia, obsérvase un aumento de familias cun nivel socioeconómico e cultural medio, as cales traballan no sector industrial e no sector servizos. Unha parte do alumnado accede ao centro educativo a través do servizo de transporte, aínda que a gran maioría do alumnado procede de zonas próximas. Podemos salientar, tamén que, nos últimos anos, incrementouse o número de alumnos estranxeiros especialmente de zonas de América do Sur.

A relación familia colexio é, en termos xerais, boa. Demostran interese e colaboran na medida das súas posibilidades. Obsérvase cada vez máis un cambio nos perfís familiares, con máis familias monoparentais, de pais divorciados pero tamén un notable incremento de familias desestructuradas.

Dende o centro educativo preténdese desenvolver una cultura dixital, a no ámbito das novas tecnoloxías e transformar a institución nunha organización dixitalmente competente. A prioridade será participar en programas de innovación e sacar o máximo partido das tecnoloxías da información e comunicación, e dos recursos educativos dixitais cos que contamos.

Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23

Como principal finalidade a contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23 é satisfacer a demanda dun sector da poboación que busca un modelo de escolarización capaz de formar ao alumnado para que se desenvolva como individuo na sociedade na que vive, de cara a un mundo laboral cada vez máis dixitalizado. En consecuencia, o uso das tecnoloxías irá enfocado a cuestións organizativas pero, sobre todo, ao proceso de ensinanza – aprendizaxe. No curso 22/23 introducirase por vez primeira o PD co fin de ampliar e afianzar en anos sucesivos implementando unha serie de acción encamiñadas a mellorar a competencia dixital en todos os ámbitos.

### **1.3. Breve xustificación do mesmo**

O PD recolle acción que debemos desenvolver para mellorar a competencia dixital da comunidade educativa en base aos seguintes artigos de lei e resolucións.

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

### **1.4. Proceso de elaboración**

Para o proceso de elaboración e deseño do PD, constituíuse un equipo de Dinamización do Plan Dixital formado polo equipo directivo, un profesor coordinador e un profesor encargado de TIC.

Partindo dun proceso de reflexión e auto-análise, determináronse as prioridades e necesidades e planificouse a implementación de cara ao curso 22/23, promovendo un proceso de cambio e de mellora, así como a capacidade para mobilizar recursos para trazar a liña a seguir nos vindeiros cursos.

O proceso estivo principalmente centrado no auto diagnóstico a través da ferramenta SELFIE, baseada no marco da Comisión Europea para organizacións educativas dixitalmente competentes; Tamén se realizou un Test de Competencia Dixital Docente para obter resultados do punto de partida, co obxectivo de realizar un estudo da situación de todas as estruturas da comunidade educativa, a través dunha análise DAFO. Revisados os resultados, elaborouse un Plan de acción dos obxectivos e por último, deseñouse a implementación do plan para o curso 22/23.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### 2.1.1 Infraestrutura.

Contamos cunha infraestrutura básica de datos e de voz. Algúns ordenadores (6) da sala de profesores teñen conexión cableada e o resto do equipamento está conectado sen fíos. Debemos salientar que nas aulas dende, Educación Infantil ata 3º de Educación Primaria a conexión é moi precaria, debido principalmente á distancia con respecto ao centro de conectividade.

#### 2.1.2 Equipamentos.

AULA	ORDENADOR	PORTÁTIL	TABLET	PDI	PROXECTOR	OUTROS
BIBLIOTECA	1			1		
E. I. 3años						
E. I. 4años						
E.I. 5 años						
1º E.P.						
2º E.P.						
3º E.P.						
4º E.P.	1			1		
5º E.P.		1			1	
6º E.P.		1		1		
1º ESO					1	1 proxec. portátil
2º ESO						1 proxec. portátil
3º ESO						1 proxec. portátil
4º ESO						1 proxec. portátil
ORIENTACIÓN						
APOIO INFANTIL					1	
Pedagogía ter.						
Sala profesores	6					
Secretaría	1					
Dirección		1	1			
Xef. estudos						
Aula de EE						

#### 2.1.3 Servizos dixitais educativos

No que se refire aos servizos dixitais educativos que facilitan a xestión docente traballamos cun non corporativo (Classroom) e tamén coa aplicación corporativa, Abalarmóbil. Tamén dispomos dende hai varios anos, de páxina web do centro, e traballamos hai varios cursos co espazo Abalar, dos cales se conservan 24 ordenadores portátiles, que resultan moi pouco útiles, por estar algo obsoletos.

#### 2.1.4 A xestión do mantemento do equipamento do centro.

Para a xestión do mantemento do equipamento do centro contamos cun servizo externo. Do mesmo xeito informárase debidamente á dirección do centro de calquera incidencia ou cuestión que afecte directamente ao equipamento de centro educativo.

#### 2.1. Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC.

A través da páxina web do colexio acédese aos enlaces de protocolos (Plan de convivencia), blogs do profesorado así como ó PXA. A partires do curso 22/23 engadirase outro enlace correspondente ao Plan Dixital que se implementa nese curso por primeira vez.

### 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

A primeira fonte empregada para a análise DAFO foi a “Autoavaliación Selfie” , dando como resultados os que se observan na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2.8	3.7			
	Profesorado	2.8	2.9			
	Alumnado	-	-			
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3	3.3			
	Profesorado	2.9	2.6			
	Alumnado	3.8	2.6			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2.7	4.3			
	Profesorado	3.3	3.5			
	Alumnado	4	2.7			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	2.3	3.1			
	Profesorado	2.8	3.8			
	Alumnado	-	-			
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3	3.3			
	Profesorado	3.7	3.8			
	Alumnado	-	3.8			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.3	3.7			
	Profesorado	4	3.1			
	Alumnado	3.8	2.6			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.3	3.2			
	Profesorado	3.3	2.5			
	Alumnado	-	2.1			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.9	3.8			
	Profesorado	3.6	2.7			
	Alumnado	4.2	2.7			

Nas seguintes táboas incluiremos os resultados da segunda fonte empregada para a análise DAFO, o Test CDD en canto a ao perfil do profesorado participante e no que se refire ao informe grupal.

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	18	25	72%
<b>PROVISIONAL</b>			
<b>INTERINO</b>			
<b>SUBSTITUTO</b>	2	4	50%
<b>DESPRAZADO</b>			

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
79.8	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a(B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>ESO</b>	79,4	Integrador/a(B1)	79.2	Integrador/a (B1)
<b>BAC</b>				
<b>F.P</b>				

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>		
<b>A2</b>	4	20%
<b>B1</b>	15	75%
<b>B2</b>	3	15%
<b>C1</b>		
<b>C2</b>		
<b>TOTAL</b>	22	110.00%

## 2.3. Análise DAFO

A partires das fontes arriba citadas xenerouse unha análise Dafo, que nos permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración da liñas fundamentais en termos obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Existencia de algún dispositivos dixitais que son propiedade do centro e que os alumnos poden utilizar de forma ordenada.	No centro carecemos de infraestrutura dixital precisa para respaldar a ensinanza aprendizaxe de tecnoloxías dixitais
	PERSOAL DOCENTE		

		Para os casos de alumnado con necesidades educativas especiais empréganse tecnoloxías dixitais para adaptar o método de ensinanza.	No centro utilízanse esporadicamente tecnoloxías dixitais ó colaborar con outras organizacións.
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>	Uso de tecnoloxías dixitais para todas as comunicacións entre comunidade educativa, familias e administración.	
	<b>ALUMNADO</b>	O alumnado posúe un nivel básico de capacidades tecnolóxicas para adquirir competencias dixitais.	O alumnado aprende a crear en poucas ocasións contidos dixitais.
	<b>FAMILIAS</b>	No noso centros o alumnado pode traer os seus dispositivos e usalos na clase.	Poucas familias dispoñen de dispositivos para ser utilizados na aula.
	<b>OFERTA</b>	No noso centros os alumnos poden traer os seus propios dispositivos e usalos na clase.	Escasa posibilidade para crear espazos para compartir recursos educativos dixitais.
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	O centro difunde a información de interese e facilita o seguimento da actividade académica a través de servizos dixitais educativos corporativos.	No noso centro estamos en proceso de elaborar unha estratexia dixital.

<b>EXTERNOS</b>		<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	Facilitar a oferta de actividades formativas en colaboración con outros centros educativos.	A dotación de equipamento tecnolóxico é escaso.
	<b>LEXISLACIÓN</b>	Acceder a manuais concretos para o coñecemento e a difusión das licencias de uso.	No centro tomamos conciencia pouco a pouco de que é imprescindible respectar os dereitos de autor e as licencias de uso, cando empregamos a tecnoloxía para aprendizaxe e ensinanza.
	<b>CONTORNA</b>	O centro debe procurar as relacións colaborativas con persoas que non forman parte da comunidade educativa.	As condicións socioeconómicas da contorna son medio baixas.
	<b>ANPA</b>	Boa colaboración por parte da AFA para colaborar e conseguir infraestrutura de cara a mellora da competencia dixital do alumnado.	Agardamos conseguir o apoio da AFA para a realización de actividades extraescolares no ámbito da competencia dixital.
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	Existen varios proxectos externos dos que participa todo o centro como ferramenta de aprendizaxe e o uso da tecnoloxía dixital.	Debemos deseñar nun futuro próximo un plan para axudar aos profesores a afrontar os desafíos que xorden coa aprendizaxe mixta, relacionadas coas necesidades de aprendizaxe dos alumnos e do seu contexto socioeconómico.



### **3. Plan de Acción**

Co obxectivo de deseñar unha estratexia dixital planificada e estruturada e con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar, o Plan de Acción terá en conta os recursos materiais e humanos dos que dispomos no momento da elaboración do Plan Dixital. Este Plan de Acción vai encamiñado a acadar os obxectivos que supoñen unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dos que dispomos, pero tendo en conta que o catálogo dos mesmos está constante evolución.

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

#### **3.1. Obxectivos, indicadores e accións**

Unha vez elaborada a análise DAFO, o claustro reuniuse e estudou as necesidades máis prioritarias do centro no momento actual para poder establecer o Plan de Acción en base a obxectivos específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal. Os obxectivos están contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigComOrg.

Establecer áreas prioritarias e determinar os obxectivos (que teñen que ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal) que queremos conseguir. Os obxectivos estarán contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Nas seguintes táboas descríbense detalladamente cada un dos obxectivos e ata onde queremos chegar a través de indicadores e os seus valores de partida e de final. Así mesmo recollen todas as accións a realizar para alcanzar o obxectivo, cun responsable das mesmas, xunto cunha temporización e os recursos necesarios para levar a cabo ditas accións.

Do mesmo xeito empregárase esta mesma táboa para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

## Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: LIDERADO (A)						
<b>1. OBXECTIVO:</b>	Promover a comunicación entre os titores e as familias mediante o uso da ferramenta Abalar				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de titores que realizan as comunicacións ás familias a través da aplicación Abalar (Instrumento: enquisa)					
<b>Valor de partida</b>	0% dos titores					
<b>Valor previsto e data</b>	25% dos titores			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Convocar reunión do profesorado de secundaria para poñer en común a forma, as materias e as datas nas que se farán as notificacións.	Persoas titoras e direcciónEnc	29/09/2022	Acta da reunión cos puntos acordados ao remate da mesma		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Realizar unha sesión para formar as persoas titoras na ferramenta Abalar e programar unha notificación de proba.	Encargado das TIC e profesores titores	30/09/2022	Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Enviar notificación coas datas dos exames trimestrais a través da ferramenta Abalar	Profesores titores	Unha ou dúas semanas antes do fin do trimestre.	Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: COLABORACIÓN E REDES (B)						
<b>2. OBXECTIVO :</b>	Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Persoa responsable de actividades extraescolares				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de colaboracións con outras entidades. (Instrumento: Memoria anual)					
<b>Valor de partida</b>	0 colaboracións					
<b>Valor previsto e data</b>	3 colaboracións (charlas)			31/05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Contactar con entidades para charlas relacionadas coa temática de “O uso das novas tecnoloxías” e solicitar visita no centro escolar	Persoa responsable de actividades extraescolares	16/12/2022	Solicitud ou convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Realizar as charlas no propio centro para alumnos de secundaria.	Persoa especialista enviada pola entidade encargada.	Ao longo do segundo e terceiro trimestre.	Pizarra dixital.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Poñer en común cos alumnos o traballado na charla. Recoller impresións e valoracións.	Persoa titora e alumnado.	Na hora seguinte de titoría despois de realizada a charla.	Plantilla de valoración		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO (C)

<b>3. OBXECTIVO :</b>	Actualizar os dispositivos dixitais da sala multimedia			Acadado		
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo			Non acadado		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de equipos actualizados. (Instrumento: Memoria)					
<b>Valor de partida</b>	0% de equipos actualizados					
<b>Valor previsto e data</b>	50% de equipos actualizados			20/12/2022		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO3.1:Elaborar un listado para determinar os equipos que están obsoletos.</b>	Persoa especialista en TIC	09/2022	Material para a elaboración da listaxe.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO3.2: Solicitar e instalar discos duros e a ampliación de memoria RAM dos equipos máis obsoletos.</b>	Equipo directivo e especialista en informática.	20/12/2022	Hardware e dispositivos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO3.3:</b>					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

**Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo**

“Área/s de mellora”: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO (D)						
<b>4. OBXECTIVO :</b>	Promover a formación continua do profesorado, no contexto de transformación dixital.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de profesores que realizaron ao menos un curso de formación no contexto da transformación dixital. Instrumento: enquisa					
<b>Valor de partida</b>	0% do profesorado					
<b>Valor previsto e data</b>	25% do profesorado			31/05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Crear un grupo de traballo encargado da búsqueda de cursos de formación relacionados coa transformación dixital.	Equipo directivo e profesorado	Outubro /2022	Acta de constitución de GT		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Solicitar e participar na realización dos cursos de xeito presencial ou telemático segundo sexa o caso.	Profesorado	Primeiro trimestre preferiblemente.	Solicitud ou convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Fomentar a titorización entre iguais para formar a outros profesores do centro.	Profesorado do grupo de traballo	Finais do segundo trimestre	Pizarra dixital e dispositivos persoais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

#### “Área/s de mellora”: PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS (E)

<b>5. OBXECTIVO :</b>	Crear recursos dixitais para empregar na práctica docente en Ed.Secundaria			Acadado		
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo			Non acadado		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de recursos creados polo profesorado de Ed. Secundaria (Memoria anual)					
<b>Valor de partida</b>	0 recursos creados polo profesorado de secundaria					
<b>Valor previsto e data</b>	3 recursos creados por cada profesor de secundaria			31/05/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1:Convocar reunión para determinar os recursos a crear.	Profesorado de secundaria	31/10/2022	Sala de reunións e acta dos acordos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2:Crear recursos dixitais adaptados ao currículo de secundaria.	Profesorado de secundaria	Ao remate de cada trimestre	Software ou ferramenta para a creación de recursos dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3:Publicar na plataforma compartida os recursos dixitais creados organizados por cursos e materias, para contar cun espazo de recursos do propio centro.	Profesorado de secundaria	Xuño 2023	Plataforma compartida organizada por cursos e materias		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA (F)

<b>6. OBXECTIVO :</b>	Adaptar actividades de aprendizaxe dixital ás necesidades do alumnado con Atención domiciliaria			Acadado		
<b>RESPONSABLE:</b>	Departamento de Orientación			Non acadado		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de actividades adaptadas por materia ao remate do terceiro trimestre					
<b>Valor de partida</b>	0 actividades					
<b>Valor previsto e data</b>	3 actividades adaptadas en tres materias troncais			10/06/2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO6.1:Convocar reunión cos profesores que imparten clase ao alumno de atención domiciliaria, para determinar que actividades se van adaptar en tres materias troncais.</b>	Profesores responsables das 3 materias troncais seleccionadas	Outubro 2022	Sala de reunións e Plantilla coas actividades a adaptar.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO6.2:Adaptar os contidos elexidos ás necesidades do alumnado con atención domiciliaria</b>	Profesores das 3 materias troncais elexidas	Un a mediados de cada trimestre	Software específico (de ser o caso)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO6.3:Implementar as actividades adaptadas a través das plataformas compartidas co alumno en cuestión.</b>	Profesores implicados	Unha antes de rematar o trimestre	Actividades creadas e plataformas dixital compartida		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: PEDAGOXÍA: PRACTICAS DE AVALIACIÓN (G)						
<b>7. OBXECTIVO :</b>	Empregar aplicacións para a avaliación a distancia				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de veces que se usou a aplicación para a avaliación dalgún contido en concreto. (Instrumento: enquisa)					
<b>Valor de partida</b>	0 usos da aplicación para a avaliación a distancia					
<b>Valor previsto e data</b>	1 uso da aplicación para a avaliación a distancia			31/05/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO7.1: Convocar reunión para eleixir a ferramenta se vai a implementar e os contidos a avaliar.	Responsable das TIC e profesorado participante	Novembro /2022	Listado de ferramentas dos materiais de agueiro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.2: Realizar formación práctica para o dominio da ferramenta eleixida	Responsable das TIC e profesorado participante	Decembro /2022	Pizarra dixital, dispositivos e software a utilizar.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.3: Formar ao alumnado no uso da aplicación	Profesorado	Febreiro /2023	Dispositivos dixitais e software		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.4: Facer uso da ferramenta e valoración da mesma.	Profesorado e alumnado	Marzo / 2023	Dispositivos dixitais e software descargado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



### 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Na seguinte táboa recollense todas as necesidades de equipamento e de infraestructura tecnolóxicas que precisaríamos para poder desenvolver con eficiencia unha estratexia dixital enfocada a transición dixital.

	DOTACIÓN	NECESIDADE	FINALIDADE
INFRAESTRUCTURA	Conectividade de maior alcance e rapidez	Non alcanza a conectar os dispositivos ou de forma moi precaria	Acceso a servizo de conectividade para o bo funcionamento das ferramentas dixitais
EQUIPAMENTO	1 portátil para biblioteca 6 PDI para as aulas que non teñen 12 ordenadores para la sala de profesores 25 Portátiles para los alumnos de 1º ESO	O que temos está obsoleto Carecemos de PDI en moitas aulas do centro Só dispoñemos de 6 en con máis de 10 anos Os que temos no centro son do proxecto Abalar e están obsoletos.	Para actualizar a base de datos e mellorar a eficiencia da biblioteca Para usar recursos dixitais na aula e traballar con eles. Para poder traballar nun espazo común e facer formación. Para promover a participación deste curso en proxectos colaborativos orientados desenvolver as capacidades dixitais.
SERVICIOS DIXITAIS	Servizo de video conferencia corporativo	Non dispoñemos del ata o momento	Para axilizar a comunicación entre o claustro

### 4. Avaliación do plan

O proceso de avaliación aparece recollido nas táboas do Plan de Acción. No contexto da **avaliación procesual** o responsable revisará o estado da execución das accións, (1 vez ao trimestre) valorando os resultados e, de ser o caso, facer constar as posibles modificacións e propostas de mellora.

No contexto da **avaliación final** se valorará unha vez ao ano e indicarse o estado do proceso segundo os criterios de: “realizada”, “aprazada” ou “pendente e, de ser o caso, indicar as causas dos dous últimos criterios.

### 5. Difusión do plan

Despois de debatido no Claustro e aprobado polo Consello Escolar, procederase a dar difusión na comunidade educativa a través da páxina web do centro, facendo un anuncio ás familias para que poidan consultalo.